



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 27 DE XUÑO DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00033266Q.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Apróbanse as actas correspondentes ás seguintes sesións:

- Extraordinaria – urxente de data 9 de xuño de 2022.
- Ordinaria de data 13 de xuño de 2022.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00037560J.

Licenza para a segregación para reorganizar a propiedade das fincas na Avda. Pontevedra.

Acórdase:

Conceder a Gasolinas Lubrificantes Repuestos SA licenza para a segregación para reorganizar a propiedade das fincas situadas na Avda de Pontevedra Santiago de Compostela (A Coruña) segundo o proxecto presentado o 06/04/2022, nas seguintes parcelas de resultado:

.- **PARCELA RESULTADO A+B+D+E+F+G.** SUPERFICIE: 3.890,27 m². Solo Clasificado Rústico Categoría de Protección, Cualificado Ordenanza 18. Solo Rústico de Protección de Infraestruturas e Cualificado Ordenanza 19. Solo Rústico de Protección de Augas

.-**PARCELA RESULTADO C+H.** SUPERFICIE: 1.440,79 m². Solo Clasificado Rústico Categoría de Protección, Cualificado Ordenanza 18. Solo Rústico de Protección de Infraestruturas.

As licenzas entenderanse outorgadas salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00020976P.

Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade Decreto 29/2010 e conceder licenza para a rehabilitación parcial do inmovible sito Rúa Senra, 16.

Acórdase:

Primeiro: Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, de conformidade co informe do arquitecto municipal de data 20/05/2022 solicitada por TERRAS DO SAR SL para a rehabilitación parcial do inmovible (mellora de accesibilidade, reforma interior de 2 vivendas e reforma estrutural de edificio) situado na Rúa da Senra 16 Santiago de Compostela (A Coruña).

Segundo: Remitir copia da presente resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, xunto con copia da solicitude de excepcionalidade e a documentación que achega.

Terceiro: Conceder a TERRAS DO SAR SL licenza para realizar , segundo os informes que constan no expediente, cun orzamento de execución material de 171.315,92 € e conforme o proxecto básico e de execución a rehabilitación parcial do inmovible (mellora de accesibilidade, reforma interior de 2 vivendas e reforma estrutural de edificio) situado na Rúa da Senra 16 Santiago de Compostela (A Coruña).

4. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00056840L.

Aprobación do expediente denominado “Subministración de roupa do vestiario de parque para o servicio de extinción de incendios e salvamento”.

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar expediente denominado “Subministración de ROUPA DO VESTIARIO de parque para o servicio de extinción de incendios e salvamento” e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria, establecéndose un tipo de licitación de 43.896,20 € (IVE do 21%: 9.218,20).

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente a este contrato por importe de **53.114,40 €** que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 060 13600 2210400 BOMBEIROS. VESTIARIO

5. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00020760E.

Aprobación do expediente denominado “Acondicionamento da antiga N-634 no núcleo de Lavacolla (Sabugueira) / Fase I.Plan provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal POS+ Adicional 2/2021 1ª fase Deputación Provincial da Coruña”.

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar expediente denominado “Acondicionamento da antiga N-634 no núcleo de Lavacolla (Sabugueira) / Fase I.Plan provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal POS+ Adicional 2/2021 1ª fase Deputación Provincial da Coruña” e abrir o procedemento aberto de adxudicación mediante tramitación ordinaria, establecéndose un tipo de licitación de: **268.471,36 €** (base imponible de 221.877,16 € máis IVE do 21% de 46.594,20 €).

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente a este contrato que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 100 45400 6190000 (Código de Proxecto: 2021 2 PPROV 35 7 INVESTIMENTOS DEPUTACIÓN “PLAN UNICO DE C).

6. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00056859S.

Aprobación do expediente denominado “Prestación do Servizo de oficina de TRANSFORMACIÓN DIXITAL CON/79/2021.

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar o expediente denominado “Prestación do Servizo de oficina de TRANSFORMACIÓN DIXITAL CON/79/2021” e abrir o procedemento aberto de adxudicación mediante tramitación ordinaria, establecéndose un tipo de licitación de **558.197,44 euros** (base imponible de 461.320,20 euros máis IVE do 21% de 96.877,24 euros).

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente a este contrato que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 030 92001 2270600, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, a súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2022 (6 meses): 139.549,36 €.

Anualidade 2023 (12 meses): 279.098,72 €.

Anualidade 2024 (6 meses): 139.549,36 €.

7. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora S/2022/92.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por Ascensores Enor, S.L. en concepto de mantemento e servizo de subministración para ascensores nas diferentes dependencias municipais correspondentes aos meses de xaneiro e febreiro do ano 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de MIL DOUSCENTOS CORENTA EUROS CON TRINTA E OITO CÉNTIMOS (1.240,38 €), segundo relación contable de facturas S/2022/92 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2022/426 por importe de 351,80 euros e remata pola número F/2022/859 por importe de 351,80 euros.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

8. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora S/2022/81.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por “Neumáticos Pájaro, SL.” en concepto de subministración de pneumáticos para o parque móbil do Concello de Santiago de Compostela correspondente ao mes de febreiro do ano 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de SEISCENTOS CINCUENTA E TRES EUROS CON TRINTA E SEIS CÉNTIMOS (653,36 €), segundo relación contable de facturas S/2022/81 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2022/842 por un importe de 18,15 euros, e remata pola número F/2022/1044 por un importe de 635,21 euros, expedidas pola empresa NEUMÁTICOS PÁJARO, S.L.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

9. DEPORTES. Referencia: 3522/2022 (F/2022/1585).

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura F/2022/1585 emitida por LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO S.A. en concepto de continuidade dos servizos de conserxería e limpeza de varias instalacións deportivas municipais correspondente ao mes de marzo de 2022.

Acórdase:

1.- Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polo gasto derivado da continuidade dos servizos de conserxería e limpeza de varias instalacións deportivas municipais correspondente ao mes de marzo de 2022.

2.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga de liquidación do gasto por importe de CINCUENTA E CINCO MIL CINCOCENTOS TRINTA E SETE EUROS CON NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS (55.537,94 euros) segundo a factura F/2022/1585 que se achega no expediente, e correspondente ao mes de marzo de 2022, a favor da empresa LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO S.A., imputándose a súa totalidade á aplicación orzamentaria 090 34200 2279900 do orzamento vixente.

3.- Dispoñer a continuación das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as súas mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público, e ata que se adopten medidas necesarias para evitar este prexuízo.

10. DEPORTES. Referencia: 3522/2022 (F/2022/2087).

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura F/2022/2087 emitida por LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO S.A. en concepto de continuidade dos servizos de conserxería e limpeza de varias instalacións deportivas municipais correspondente ao mes de abril de 2022.

Acórdase:

1.- Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polo gasto derivado da continuidade dos servizos de conserxería e limpeza de varias instalacións deportivas municipais correspondente ao mes de abril de 2022. 2.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga de liquidación do gasto por importe de CINCUENTA E CINCO MIL CINCOCENTOS TRINTA E SETE EUROS CON NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS (55.537,94 euros) segundo a factura F/2022/2087

que se achega no expediente, e correspondente ao mes de abril de 2022, a favor da empresa LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO S.A. imputándose a súa totalidade á aplicación orzamentaria 090 34200 2279900 do orzamento vixente.

3.- Dispoñer a continuación das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as súas mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público, e ata que se adopten medidas necesarias para evitar este prexuízo.

11. XESTIÓN DE PERSOAL. Referencia: 2022/00031071Y.

Validar as actuacións levadas a cabo polo servizo de Recursos Humanos e avaliación con omisión de fiscalización interventora respecto ao nomeamento de nove bombeiros conductores en prácticas.

Acórdase validar as actuacións levadas a cabo polo Servizo de Recursos Humanos e Avaliación con omisión de fiscalización previa, anteriores á proposta de resolución de nomeamento de nove (9) bombeiros-condutores como persoal funcionario en prácticas, con efectos administrativos e económicos desde o día 15 de xuño de 2022.

12. IGUALDADE-MULLER. Referencia: 2021/00004132F.

Aprobar o recoñecemento de obriga derivada da convocatoria do Premio de Ensaio e Creación Audiovisual Xohana Torres, edición ano 2021, na súa Modalidade de Creación Audiovisual a favor de dona Arantxa Lamas Ponte, e declarar deserto o premio na modalidade de ensaio/investigación.

Acórdase:

1. Aprobar o recoñecemento de obriga derivada da convocatoria do Premio de Ensaio e Creación Audiovisual Xohana Torres, edición ano 2021, na súa *Modalidade de Creación Audiovisual* a favor de:

▣ *Dona Arantxa Lamas Ponte*, por importe de 2.500,00 € coas retencións que legalmente lle sexan de aplicación, por ser a gañadora nesta edición 2021 coa porcentaxe do 100 % do premio (segundo declaración asinada pola autora) na modalidade de Creación Audiovisual, polo seu traballo: *“As pétalas murmuran”*, de conformidade co previsto na base décima segunda que rexe este premio.

2. Declarar DESERTO o premio na modalidade de ensaio/investigación, de conformidade co establecido no artigo 12 das bases reguladoras, por estimar que a obra presentada non comprende adecuadamente o obxecto da convocatoria.

O gasto irá con cargo á aplicación orzamentaria: 050 23102 4890100/2022 MULLER. OUTRAS TRANSFERENCIAS NON NOMINATIVAS.

13. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00012670M.

Actualización das tarifas do tanatorio municipal de Boisaca.

Apróbase a actualización das tarifas do servizo do tanatorio municipal de Boisaca consonte ao informado pola inspectora técnica de servizos e recollido na seguinte táboa, supoñendo unha suba do IPC dun 8,1% con respecto ás tarifas vixentes aprobadas en decembro de 2018.

14. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00017594F.

Aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Cruz Roja Española (Programa SEMUS Compostela).

Apróbase o texto do convenio de colaboración para o ano 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Cruz Roja Española (Programa SEMUS Compostela) pola contía de **100.000,00 €** e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800014, Proxecto de Gasto 2022 3 POSOC 22 1 GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2022 reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

15. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00020230K.

Aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela.

Apróbase o texto do convenio de colaboración para o ano 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: ASOCIACIÓN BANCO DE ALIMENTOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA con pola contía de **5.000,00 €** e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020- 23100-4800010, reflectida no apartado de subvencións

nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

16. IGUALDADE-MULLER. Referencia: 2022/00020999P.

Aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Universidade de Santiago de Compostela.

Apróbase o texto do convenio de colaboración para o ano 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Universidade de Santiago de Compostela con pola contía de **11.000,00 €** e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 050-23102-4890002, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

17. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2022/00031136W.

Aprobación do proxecto de expediente de crédito extraordinario nº 2022-CREXT-09, financiado co remanente líquido de tesourería para gastos xerais do Concello do exercicio 2021 e alleamento de patrimonio municipal do solo.

Acórdase:

PRIMEIRO: aprobar o expediente de crédito extraordinario nº 2022-CREXT-09 para a realización de estudos, redacción de proxectos e execución de investimentos por un importe total de CATRO MILLÓNS NOVECIENTOS VINTE E SEIS MIL CINCOCENTOS TRES EUROS (**4.926.503,00 EUROS**) financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2021 e con ingresos procedentes do alleamento de patrimonio público municipal.

Financiamento:

- Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais: 3.322.359,40 €
- Novos ingresos procedentes do alleamento de PMS: 1.604.143,60 €

SEGUNDO: Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario n.º 2022-CREXT-09 será de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se exporá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

TERCEIRO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario n.º 2022-CREXT-09 se contra él non se formulase algunha reclamación, procedéndose á publicación do resumo por capítulos do orzamento municipal coa modificación aprobada no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

CUARTO: Igualmente, seranlle aplicables a este expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-09 as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra os orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 23 do RD 500/1990 e 171 do TRLRFL.

18. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2022/00031679Q.

Aprobación do proxecto de expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-10, financiado co remanente líquido de tesourería para gastos xerais da liquidación do Concello do exercicio 2021.

Acórdase:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de crédito extraordinario baixo o número 2022- CREXT-10, por importe de OITOCENTOS CORENTA E SEIS MIL OITOCENTOS OITENTA E TRES EUROS E VINTE E OITO CÉNTIMOS (846.883,28 EUROS), para atender ao pagamento derivado da execución da sentenza 25/2016 de 09.02.2016 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela recaída no procedemento Ordinario 571/2013, no sentido de recoñecer á mercantil MONFOBUS S.L. unha indemnización que lle corresponde percibir pola non actualización polo Concello das tarifas da concesión do recinto feiral de Amio desde o 06.06.2021 ao 05.10.2018, financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do exercicio 2021.

Financiamento: Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais do exercicio 2021.

SEGUNDO: Dar traslado ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, para a súa aprobación inicial.

TERCEIRO: Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-10 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se expoñerá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

CUARTO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario 2022-CREXT-10 se contra el non se formulase ningunha reclamación, e publicarase o resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

19. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00033266Q.

Designación do novo representante do grupo municipal Popular no Consorcio da Cidade de Santiago.

Acórdase:

1.- Designar ao portavoz don José Antonio Constenla Ramos como representante do grupo municipal Popular no Consorcio da Cidade de Santiago.

2.- Dar conta deste acordo ao Consorcio da Cidade de Santiago para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

20. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00033266Q.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 17 ao 22 de xuño de 2022.

URXENCIAS

21. ASESORÍA XURÍDICA. REFERENCIA 2022/00033175V

Dar conta de sentenza recaída no PA 480/2019 CA1

Dase conta da sentenza 222/2022 do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1.

Procedemento: Procedemento Abreviado 480/2019

Obxecto: Decreto do 14.11.2019 que desestima solicitude de cancelación de aval prestado en expediente urbanístico nº 646/1993

Contía reclamada no recurso: 7.553,82 euros

A sentenza é desfavorable aos intereses municipais. Fronte á tese exposta pola defensa do concello consistente no carácter indefinido do aval ao non terse acreditado o cumprimento da obriga garantizada (cesión do 15% do aproveitamento) e na imposible aplicación do prazo de prescrición do artigo 1964 en relación co 1930 do CC ás cargas urbanísticas, a sentenza entende que a compensación económica substitutiva do aproveitamento urbanístico correspondente ao concello constitúe un ingreso público non tributario, polo que estima que cómpre aplicar o prazo de prescrición previsto no artigo 40.1 da LXP e declara a non conformidade a dereito do acto recorrido. Contra a sentenza non cabe interpoñer recurso ningún.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.

2. Remitila ao Departamento de urbanismo-Licenzas- para os efectos da súa execución.

22. ASESORÍA XURÍDICA. REFERENCIA 2022/00032645Q

Dación de conta da sentenza recaída no Procedemento Ordinario 315/2020 CA1.

Dase conta da sentenza nº 220/2022, do 31.05.2022, do XCA nº 1 de Santiago de

Compostela. Procedemento: PO 315/2020

Obxecto: Desestimación do recurso de reposición interposto contra o Acordo da XGL do 20.01.2020, polo que se resolve a execución do aval prestado por INMOBILIARIA OUTEIRO DE SAR, S.L. para

responder das obras de urbanización pendentes de recepción no polígono SUNP-31.1; constituír en depósito 362.538,43 euros; e reintegrar ao avalista BBVA a cantidade de 144.561,43 euros.

A sentenza estima parcialmente o recurso contencioso-administrativo ao entender que o aval prestouse polo recorrente en beneficio da Xunta de Compensación, polo que debe responder da execución das obras de urbanización.

Considera, no entanto, que o Concello, ao permitir a recepción parcial das obras de urbanización mediante o Acordo da XGL do 31.03.2017 (acordo firme), debe reaxustar a cantidade depositada ás obras pendentes de executar tendo en conta as restantes garantías prestadas —Xunta de Compensación, METROVACESA, S.A., e PIN CORUÑA, S.L.—, e o coste total das obras pendentes de executar manifestado no informe da Arquitecta Municipal.

En consecuencia, o Xulgado resolve reintegrar a cantidade de 106.218,94 euros, e manter o depósito de 256.319,49 euros.

A sentenza non contén pronunciamento respecto das custas causadas. A sentenza é susceptible de recurso de apelación. Acórdase

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Non interpoñer recurso de apelación.
3. Remitir ao Departamento de Urbanismo para os efectos da súa execución, unha vez sexa notificada a súa firmeza, e tendo en conta que o presente informe non é preceptivo nin constitúe un requisito previo para levar a efecto a dita execución polo órgano competente unha vez sexa notificada a firmeza da sentenza (Informe AX/115/2022).

23. ASESORÍA XURÍDICA. REFERENCIA 2022/00032478X

Dar conta de sentenza recaída no PO 191/2020 CA2

Dase conta da sentenza 130/2022. Procedemento: Procedemento Ordinario 191/2020 seguido perante o Xulgado Contencioso-administrativo nº 2

Obxecto: Contra desestimación de recurso de reposición interposto contra Decreto do 26.08.2019

A sentenza estima integramente o recurso ao entender caducada a acción de reposición á legalidade por ter transcorridos máis de 6 anos dende que se realizaron as obras do rocho na praza de garaxe.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Non interpoñer recurso de apelación.
3. Remitir ao Departamento de urbanismo-*Disciplina*-para os efectos da súa execución

24. CONTRATACIÓN. REFERENCIA. 2021/00035096X

Prorroga do contrato de aluguer do local nº 6 da rúa Presidente Salvador Allende 6, destinado a oficinas municipais de Atención ao Contribuínte e revisión do IPC.

Acórdase:

Primeiro.- Prorrogar o contrato de aluguer do local nº 6-8 baixo da rúa Presidente Salvador Allende 6-8, destinado a oficinas municipais de Atención ao Contribuínte, polo prazo dun ano a contar desde o 1 de xullo de 2022 ata o 30 de xuño de 2023.

Segundo.- Aprobar e comprometer un gasto por importe de 12.036,12 €, que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 030 93100 2020000 POLÍTICA ECONÓMICA E FISCAL. ARRENDAMENTOS, dos seguintes exercicios:

Anualidade 2022 (01/07/2022 ata 31/12/2022): 6.018,06 €, no que existe crédito adecuado e suficiente segundo se deriva do documento contable RC que se xunta ao expediente.

Anualidade 2023 (01/01/2023 ata 30/06/2023): 6.018,06 €, que queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Terceiro.- O importe mensual das facturas dende o 1 de xullo de 2022 ata que se revise o prezo do contrato será 828,93 € máis 174,08 en concepto de IVE, o que supón un importe total mensual de 1.003,01 €

Cuarto.- Respecto á revisión de prezos, a cláusula terceira do contrato asinado con data 7 de maio de 2003 establece que, no caso de prórroga, o prezo do aluguer incrementarase conforme a

variación que experimente o índice xeral de prezos o consumo, polo que propónse a revisión do IPC dende a última data na que se realizou esta (xuño de 2021).

Publicado o IPC de xuño de 2022 efectuarase a revisión correspondente con efectos dende o 1 de xullo de 2022, dando conta á Xunta de Goberno e a Intervención municipal.

25. CONTRATACIÓN. REFERENCIA. 2022/00017052V

Autorización do prazo de execución da Prestación do Servizo “Proxecto SMARTIAGO - Licitación CPI para desenvolver un sistema intelixente de recollida de RSU - cofinanciado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020” (Expte. CON/37/2020)

Autorízase a ampliación do prazo de execución, da Prestación do Servizo “Proxecto SMARTIAGO - Licitación CPI para desenvolver un sistema intelixente de recollida de RSU - cofinanciado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020” (Expte. CON/37/2020), solicitado pola empresa adxudicataria WELLNESS TELECOM, SL ao abeiro do disposto no artigo 195.2 da LCSP **ata o 13 de outubro de 2022** porque non se aprecian motivos imputables no retraso da execución do contrato ao contratista, sen prexuízo de que se poida incoar, logo do informe ao respecto do responsable do contrato, un procedemento de imposición de penalidades polos retrasos que si lle puidesen ser imputables ao contratista.

Esta ampliación suporá tamén o reaxuste dos fitos do proxecto de acordo coa nova planificación proposta.